

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 8 DE ABRIL DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o Plan de Conservación do espazo natural de interese local "Illas de San Pedro" (A Coruña).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Arbo de diversos treitos da estrada provincial EP-5003 Cañiza-Arbo.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que autoriza adiantar o pago do primeiro trimestre de 2020 aos Colexios de Avogados e de Procuradores de Galicia da compensación económica pola representación e asistencia xurídica gratuíta.
- Acordo sobre a situación das obras promovidas pola Xunta de Galicia en 2020 ante a paralización da actividade do sector da construción por parte do Estado.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se aproba a creación do fondo orzamentario denominado Fondo de continxencia orzamentaria COVID-19.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do contrato de xestión de servizo público para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Gondomar. Gondomar (Pontevedra), de clave: OH.336.597XSP, por importe dun millón cento setenta e dous mil trescentos corenta e sete euros con noventa e dous céntimos (1.172.347,92 €) IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do contrato de xestión de servizo público para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Cambados. Cambados



(Pontevedra), de clave: OH.336.628XSP, por importe dun millón seiscentos vinte e dous mil cincocentos once euros con noventa e seis céntimos (1.622.511,96 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza que nos convenios de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e diversas entidades (pemes) para o desenvolvemento de proxectos de innovación no exercicio 2020, por importe máximo no seu conxunto de cincocentos mil euros (500.000 €), os pagamentos anticipados poidan acadar ata o 100% da subvención concedida e a exención aos beneficiarios da obriga de presentar garantías.
- Acordo polo que se autoriza a superación da porcentaxe e a exención de constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da convocatoria para o exercicio 2020 das axudas aos proxectos de reorganización produtiva das empresas galegas para a fabricación de equipamento sanitario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe total de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio específico de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servicio Galego de Saúde, a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para a obtención de datos de xenotipado, actividades científicas e de investigación e outras de interese para as partes no ámbito da medicina xenómica, por un importe de seiscentos sesenta e nove mil novecentos sesenta e dous euros con trinta e oito céntimos (669.962,38 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para a promoción da participación de distintos centros hospitalarios e de atención primaria en programas de formación e docencia clínica do grao de medicina, por un importe de sesenta e nove mil setecentos oitenta e nove euros con sesenta céntimos (69.789,60€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre accións do programa "A Cultura e o Turismo seguen", orientadas á difusión, promoción e formación en redes e en liña durante o período de confinamento.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe sobre a posta en marcha dunha rede de establecementos turísticos de garda para a atención das necesidades habitacionais de persoas e colectivos profesionais e outros con especial vulnerabilidade.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a contratación polo tramite de emerxencia dun contrato coa empresa Grupo Norte Agrupación Empresaria de Servizos, S.L., para o reforzo do servizo de operación telefónica para a Fundación Pública Urxencias Sanitaria de Galicia- 061, como consecuencia da declaración de crise sanitaria producida polo COVID-19, por importe de cincuenta mil cincocentos vinte e nove euros con trinta e un céntimos (50.529,31 €).
- Informe sobre a contratación polo trámite de emerxencia dun servizo de *call center* para reforzo dos canles de comunicación e información aos cidadáns sobre os síntomas e a resolución de dúbidas en relación ao COVID-19, por importe de trescentos noventa e tres mil douscentos cincuenta e dous euros con trinta e tres céntimos (393.252,33 €).
- Informe sobre a contratación polo trámite de emerxencia da subministración de diversos materiais de protección destinados a profesionais e doentes e test de detección de virus, para facer fronte á pandemia do COVID-19, por importe de oito millóns douscentos cincuenta e oito mil trescentos trinta euros con sesenta e un céntimos (8.258.330,61 €).
- Informe sobre a contratación polo trámite de emerxencia da subministración de equipamento correspondente á Fase III-IV COVID-19: URPA/ Despertar, CMA e ampliacións de REA, que inclúe camas de hospitalización e mesas de noite, ventiladores no invasivos, monitores de parámetros fisiolóxicos avanzados, monitores de parámetros fisiolóxicos básicos, incorporación de terapia de alto fluxo e humidificación a ventiladores adquiridos anteriormente, equipos portátiles dixitais de raios X, ecógrafos portátiles, aspiradores eléctricos de mucosidades así como a instalación de máis biombos nos mostradores de atención ao público dos centros do Servizo Galego de Saúde, como consecuencia da declaración de crise sanitaria producida polo COVID-19, por importe de dous millóns trescentos catorce mil oitocentos vinte e dous euros con corenta e catro céntimos (2.314.822,44 €).
- Informe sobre recomendacións para o acompañamento nos dós en situación de confinamento COVID-19.



A XUNTA APROBA O PLAN DE CONSERVACIÓN DO ENIL ILLAS DE SAN PEDRO, O PRIMEIRO ESPAZO EN OBTENER ESTA DECLARACIÓN DE XEITO DEFINITIVO NA CIDADE DA CORUÑA

- ***O Plan de Conservación é o instrumento co que se garantirá o equilibrio entre o réxime de usos e as actividades permisibles para os vindeiros seis anos e no que se recollen medidas, como a creación dun observatorio para aves na costa máis próxima ao ENIL***
- ***Con este trámite tamén se acaba a declaración de xeito definitivo deste Espazo natural de interese local da Cidade herculina, que se publicará nos vindeiros días no o Diario Oficial de Galicia***

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deu o visto e prace ao Plan de Conservación do Espazo Natural de Interese Local (ENIL) Illas de San Pedro, converténdose no primeiro espazo en obter esta declaración de xeito definitivo na Cidade da Coruña. Trátase do instrumento que establecerá o réxime de usos e as actividades permisibles, así como as limitacións que se consideren necesarias para garantir a conservación do dito espazo natural.

O Plan de conservación, redactado pola Administración local, establece a normativa e as medidas de xestión necesarias para garantir a conservación dos valores naturais presentes nas Illas de San Pedro nos próximos seis anos.

Deste xeito, o Concello comprométese a garantir a conservación das especies e hábitats presentes neste espazo, cunha serie de medidas -ás que prevé destinar un financiamento de máis de 100.000 euros- entre as que destaca a instalación dun observatorio para aves na costa máis próxima ao ENIL, co fin de levar a cabo diversas actividades educativas.

Tamén se inclúe un inventario das especies de flora, fauna e dos hábitats presentes no espazo e varios plans cos que conseguir a limpeza, mantemento e rexeneración de zonas degradadas, o fomento da biodiversidade, a erradicación de especies exóticas invasoras de fauna e flora e a concienciación e información ambiental con paneis de interpretación dos valores do ENIL, así como coas recomendacións relativas ao comportamento das persoas visitantes (vehículos, ruídos, luces, etc.)

Asemade, nos próximos días o Diario Oficial de Galicia publicará a Orde pola que se declara, de xeito definitivo, este ámbito como espazo natural de interese local, xunto co Decreto polo que que aproba o seu Plan de Conservación.

Cómpre recordar que os ENIL son aqueles espazos integrados nun termo municipal que polas súas singularidades son merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais. Aínda que a declaración é competencia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a responsabilidade da súa xestión é municipal. Esta declaración definitiva non comporta a inclusión do espazo na Rede Galega de Espazos Protexidos nin



implicará a asignación de recursos económicos da Xunta de Galicia para a súa xestión e conservación.

Valores paisaxísticos e ecolóxicos

Os valores máis salientables de Illas de San Pedro son de tipo paisaxístico e ecolóxico. Os illotes son de natureza granítica, cuxos baixos poden emerxer na baixamar formando parte da rasa costeira duns 8 km de ancho que percorre a provincia da Coruña de NE a SW. Dentro da avifauna, merecen unha especial mención as sete parellas de corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*) presentes no espazo, así como a presenza da gabita (*Haematopus ostralegus*). No que se refire aos valores etnográficos, atopamos os restos dunha antiga cetaria abandonada e un pequeno embarcadoiro na illa Vendaval.

O ENIL está singularizado no Catálogo das paisaxes de Galicia que o localiza na Gran área paisaxística das Chairas e Fosas Occidentais, no Arco Bergantiñán e no Plan de Ordenación do Litoral, formando parte da unidade "Costa de Caión", dentro da área continua de protección costeira. A totalidade do ámbito do ENIL pertence ao Dominio público marítimo-terrestre.

Por último, as illas tamén posúen un gran interese pesqueiro e marisqueiro, actividades estas tradicionais e compatibles coa xestión do espazo protexido.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE ARBO DE DIVERSOS TREITOS DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA ESTA VILA COA CAÑIZA

- *Trátase de cinco treitos da estrada EP-5003 na Lomba*
- *O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais*
- *O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Arbo de diversos treitos da estrada provincial EP-5003 que comunica A Cañiza con esta localidade.

O concello pontevedrés solicitou á Deputación provincial o cambio de titularidade de cinco treitos desta vía na Lomba. Esta petición dá cumprimento ao previsto nun convenio asinado entre as dúas administracións.

A Administración provincial de Pontevedra acordou aprobar o cambio de titularidade proposto, polo que emite informe favorable para a transferencia dos distintos treitos e solicita o cambio de titularidade desta estrada á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Os treitos da estrada EP-5003 que se transfiren correspóndense cos puntos quilométricos que van dende o 8+790 ao 8+920, 10+840 ao 10+940, 10+960 ao 11+080, 11+880 ao 12+020, e desde o punto quilométrico 12+200 ata o 12+374.

A transferencia a prol do Concello de Arbo tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello pontevedrés terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

A XUNTA ADIANTA O PAGO DO PRIMEIRO TRIMESTRE DA QUENDA DE OFICIO ANTE AS DIFICULTADES CAUSADAS POLO CORONAVIRUS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o pago de máis de 3,2 millóns de euros para os Colexios de Avogados e de Procuradores***
- ***O pagamento farase efectivo hoxe mesmo***

O Consello da Xunta autorizou hoxe adiantar o pago correspondente ao primeiro trimestre da quenda de oficio destinado aos Colexios de Avogados e de Procuradores de Galicia. En concreto, procederase a abonar hoxe mesmo o mesmo pago que no anterior trimestre e, despois, axustarase en función das liquidacións.

Tómase esta decisión dado que, ante a situación excepcional causada polo coronavirus, resultan máis complicadas as tarefas de comprobación e revisión das certificacións que os Colexios trasladan ao rematar cada trimestre. Para evitar atrasos, decidiuse abonar a mesma contía que no trimestre anterior e despois axustarase en función das certificacións remitidas polos Colexios.

En concreto, a cantidade que se pagará ascende a 2,9 millóns de euros para os Colexios de Avogados e a algo máis de 275.000 euros para os de Procuradores.

A Administración autonómica vén introducindo nos últimos anos melloras na xestión deste servizo, que considera fundamental para garantir a igualdade de condicións de todos os cidadáns no acceso á Xustiza. Grazas as medidas que se foron tomando, Galicia é unha comunidade que paga pronto e puntualmente as certificacións remitidas polos colexios profesionais de avogados e procuradores. Ademais, en 2017, asinou sendos acordos co Consello da Avogacía Galega e co Consello Galego dos Procuradores para incrementar as compensacións económicas, situando a Galicia á cabeza de España no referente ás remuneracións dos letrados e procuradores da quenda de oficio.

O investimento desde 2009 no servizo de Asistencia Xurídica Gratuíta supera os 116 millóns de euros.

A XUNTA CONTINUARÁ O CEN POR CENTO DAS OBRAS QUE ESTABAN EN EXECUCIÓN ANTES DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe dar continuidade ás 397 obras que estaban en execución e que quedaron suspendidas polo Estado de Alarma reforzado***
- ***Ademais, acordou considerar esenciais outras 111 obras que estaban licitadas ou pendentes de licitar, de forma que poderán seguir o seu curso***
- ***En total, suman 508 obras, cun importe aproximado de 300 millóns de euros e que crearán en 2020 uns 5.400 postos de traballo directos e indirectos***
- ***A Administración autonómica está a tomar as medidas necesarias para manter o funcionamento dos servizos públicos dentro das restricións do Estado de Alarma***

O Consello da Xunta acordou hoxe dar continuidade ao cen por cento das obras -un total de 397- que estaban xa en execución antes do reforzamento do Estado de Alarma. Ademais, tamén acordou considerar esenciais outras 111 obras que estaban licitadas ou pendentes de licitar, e que tamén poderán seguir a súa tramitación.

Así se acordou na reunión desta mañá, logo de coñecer un informe coa totalidade das obras da Xunta, incluíndo aquelas que estaban en execución, as licitadas e as pendentes de licitar.

Así, tras analizar os datos do informe, o Consello da Xunta acordou continuar as 397 obras que se atopan en execución. Ademais, declarou como esenciais outras 111 obras xa licitadas ou pendentes de licitar, polo que poderán seguir o seu curso. En total, suman 508 obras que supoñen un investimento aproximado de 300 millóns de euros e que crearán preto de 5.400 postos de traballo -directos e indirectos- en 2020. A nivel porcentual, isto suporá continuar 77% das obras que estaban en execución ou previstas.

Estas medidas tómanse en virtude da decisión do Goberno galego de continuar a execución e licitación daqueles contratos considerados indispensables, sempre que así sexa decidido polo Consello da Xunta e se respecte á normativa e restricións vixentes na actualidade.

En concreto, e de acordo ás limitacións do Estado de Alarma actual, acordouse continuar a execución dos contratos xa aprobados e que estaban en execución; así como continuar as licitacións e procedementos xa iniciados cuxa tramitación quedou suspendida polo Real Decreto do Estado de Alarma, mediante decisión do Consello da Xunta e cando se refiran a servizos esenciais. Ademais, tamén se decidiu seguir tramitando internamente o resto de expedientes e convocatorias ata o momento previo á fiscalización, e que posteriormente serán sometidos ao Consello da Xunta para establecer se deben ser aprobados ou non en función das circunstancias do Estado de Alarma e a emerxencia sanitaria.

Con estas medidas, a Xunta está a emprender as accións necesarias para manter a actividade da Administración autonómica durante as restricións do Estado de Alarma pola epidemia de coronavirus co obxectivo de conseguir un correcto funcionamento dos servizos esenciais e estar en condicións de retomar a actividade coa maior axilidade posible en canto



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

se levanten as limitacións actuais. En todos os casos, deberanse tomar todas as medidas necesarias para garantir a saúde dos traballadores.





A XUNTA CREA UN FONDO DE CONTINXENCIA ESPECÍFICO PARA REFORZAR O GASTO SANITARIO E SOCIAL A CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS

- ***O Consello da Xunta aprobou dotar este novo fondo a través dunha reprogramación de gasto de 100 millóns, procedentes dos aforros derivados do menor gasto de funcionamento dos centros da Xunta ou da menor actividade presencial na Administración, entre outras partidas***
- ***Esta achega extraordinaria permitirá incrementar o gasto no Sergas, que no Orzamento en vigor xa superaba os 4.100 millóns, o máis alto da historia***
- ***Tamén servirá para reforzar o gasto no eido social, nomeadamente nas residencias de maiores***
- ***Galicia acomete esta reprogramación en mellores condicións grazas á estabilidade política e por dispoñer dun Orzamento en vigor desde o pasado 1 de xaneiro***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a creación dun fondo de continxencia específico para reforzar o gasto sanitario e social a consecuencia dos efectos negativos do coronavirus. A través deste novo fondo, a Administración galega atenderá as novas necesidades de gasto xurdidas polo COVID-19 no eido sanitario e social.

Ao mesmo tempo, o Goberno galego aprobou dotar este novo fondo mediante unha reprogramación de gasto duns 100 millóns de euros, procedentes dos aforros obtidos nos capítulos 2 e 4 do Orzamento da Comunidade Autónoma polo menor gasto no que se incorre noutras partidas orzamentarias, aforros derivados da redución do gasto de funcionamento dos centros da Xunta de Galicia e dos órganos estatutarios -o que supón un descenso de gasto en luz, auga, calefacción ou subministrados- ou pola menor actividade presencial na Administración autonómica, entre outras partidas de gasto.

Esta achega extraordinaria permitirá incrementar o gasto no Sergas, que no Orzamento da Comunidade Autónoma en vigor superou por primeira vez os 4.100 millóns de euros, o máis alto da historia da Autonomía. Tamén servirá para reforzar o gasto no eido social, nomeadamente nas residencias de maiores, que tamén precisan máis necesidade de gasto por mor dos efectos negativos do coronavirus.

Galicia acometerá esta reprogramación de gasto de xeito inmediato grazas á estabilidade da que dispón a Comunidade Autónoma, e faino en mellores condicións por contar cun Orzamento en vigor desde o 1 de xaneiro de 2020. Esta situación contrasta coa do Goberno central –que aínda traballa co Orzamento do exercicio 2018, o primeiro que se executa en tres exercicios distintos– ou coa doutras comunidades autónomas que están a afrontar a pandemia co orzamento prorrogado, algunha delas desde o ano 2017.

Máis liquidez

Esta reprogramación de gasto súmase ao plan específico para dotar de liquidez á tesourería da Comunidade Autónoma co fin de compensar o descenso da recadación motivado pola suspensión de prazos e, ao mesmo tempo, axilizar os pagamentos de facturas a todos os

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

provedores que traballan coa Administración galega, para aliviar os efectos negativos derivados do coronavirus.

Con este plan, a Tesourería da Comunidade Autónoma poderá dispoñer de ata case 1.800 millóns de euros cos que afrontar os pagamentos ordinarios –como as nóminas dos empregados públicos ou as cotizacións á Seguridade Social- e ademais axilizar o pagamento das facturas aos provedores da Xunta e afrontar gastos extraordinarios que poidan xurdir nas vindeiras semanas. Estes recursos de liquidez, que garanten a solvencia da Comunidade Autónoma nos vindeiros meses, son a maiores dos recursos provintes do sistema de financiación autonómica e do Fondo de Facilidade Financeira.

Obxectivo: situar o tempo medio de pago de 18 días

Con este plan de liquidez, o obxectivo da Xunta de Galicia é pechar o mes de marzo cun tempo medio de pago de 18 días, o que volverá situar a Galicia entre as comunidades que mellor pagan aos seus provedores, como xa sucedeu nos exercicios 2018 e 2019.

Hai que ter en conta que a Administración galega é a principal entidade pagadora da Comunidade Autónoma. No que vai de ano, a Xunta de Galicia xa aboou máis de 181.000 facturas por un importe de 890 millóns de euros.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,17 MILLÓNS DE EUROS PARA MANTER ACTIVA A COOPERACIÓN CO CONCELLO DE GONDOMAR NA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA DEPURADORA MUNICIPAL

- ***O Goberno galego mantén o apoio a esta entidade local nas súas competencias, garantindo o funcionamento desta instalación durante os dous vindeiros anos, tras destinar desde 2005 un orzamento de máis de 8 millóns de euros***
- ***Coa autorización de hoxe, o Executivo autonómico continuará asumindo o funcionamento desta instalación, deseñada cunha capacidade de depuración para unha poboación de 24.000 habitantes***
- ***A prestación dos servizos de saneamento e abastecemento é unha responsabilidade municipal, pero a Xunta proporciona o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o precisen***
- ***Na actualidade a Xunta presta o servizo de depuración en 29 municipios***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento de máis de 1,17 millóns de euros para dar continuidade á cooperación co Concello de Gondomar na xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais municipal.

Con este acordo, o Executivo autonómico mantén o seu apoio ás entidades locais nas súas competencias de saneamento e abastecemento, e autoriza á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade á prorroga do servizo que garante o funcionamento da depuradora municipal.

O Concello de Gondomar ten cedido á Xunta, a través de Augas de Galicia, o servizo de mantemento da estación depuración neste municipio pontevedrés. Servizo que vén prestando dende o ano 2005 mediante un contrato de explotación da depuradora no que o Goberno galego leva investido un orzamento de máis de 8 millóns de euros.

Coa autorización de hoxe, a Xunta renova esta concesión para os vindeiros 24 meses, estendéndoa concretamente ata o 30 de maio de 2022.

A depuradora de Gondomar está deseñada para o tratamento dun caudal medio de 6.720m³/día e unha capacidade de depuración estimada para unha poboación de 24.000 habitantes equivalentes.

A prestación dos servizos de saneamento e abastecemento é unha responsabilidade de carácter municipal. Non obstante, a Xunta de Galicia vén proporcionando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o precisen.

Na actualidade o organismo hidráulico da Xunta encárgase de prestar estes servizos de depuración en 29 estacións depuradoras de augas residuais.

A cooperación da Xunta co Concello de Gondomar permite a mellora da calidade de vida da súa poboación e das augas da ría de Baiona, así como ao aumento da competitividade económica e o fomento do turismo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A explotación e mantemento das infraestruturas hidráulicas teñen como obxectivos garantir a correcta depuración das augas residuais e ofrecer uns servizos que respondan ás necesidades reais da poboación.

Estas tarefas comprenden as accións necesarias para o funcionamento axeitado das instalacións de forma ininterrompida co fin de acadar uns índices de depuración que cumpran os límites establecidos na normativa de aplicación.

Os traballos inclúen a retirada nas debidas condicións hixiénicas, o transporte e a vertedura de graxas, areas e residuos das reixas e tamices, o desecado dos lodos producidos e a conservación en bo estado da totalidade dos elementos, instalacións e equipos da planta.

Na seguinte imaxe amósanse as instalacións da depuradora de Gondomar:





O CONSELLO DA XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,62 MILLÓNS DE EUROS PARA MANTER ACTIVA A COOPERACIÓN COA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS NA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA DEPURADORA DE CAMBADOS

- ***O Goberno galego mantén o apoio a esta entidade nas súas competencias, garantindo o funcionamento da instalación durante os dous vindeiros anos, tras destinar desde 2005 un orzamento de máis de 10,14 millóns de euros***
- ***Coa autorización de hoxe, o Executivo autonómico continuará asumindo o funcionamento da instalación que serve os concellos de Cambados e Vilanova de Arousa, deseñada cunha capacidade de depuración para 40.000 habitantes***
- ***A prestación dos servizos de saneamento e abastecemento é unha responsabilidade municipal, pero a Xunta proporciona o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o precisen***
- ***Na actualidade, a Xunta presta o servizo de depuración en 29 destas instalacións municipais***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento de máis de 1,62 millóns de euros para dar continuidade á cooperación coa Mancomunidad do Salnés na xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais de Cambados.

Con este acordo, o Executivo autonómico mantén o seu apoio ás entidades locais nas súas competencias de saneamento e abastecemento, e autoriza á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade á prorroga do servizo que garante o funcionamento da depuradora municipal.

A Mancomunidad do Salnés ten cedido á Xunta, a través de Augas de Galicia, o servizo de mantemento da estación depuración que serve os concellos de Vilanova e Cambados. Prestación que vén prestando dende o ano 2005 mediante un contrato de explotación da depuradora no que o Goberno galego leva investido un orzamento de máis de 10,14 millóns de euros.

Coa autorización de hoxe, a Xunta renova esta concesión para os vindeiros 24 meses, estendéndoa concretamente ata o 8 de agosto de 2022.

A depuradora de Cambados está deseñada para o tratamento dun caudal medio de 12.000 m³/día e unha capacidade de depuración estimada para unha poboación de 40.000 habitantes equivalentes.

A prestación dos servizos de saneamento e abastecemento é unha responsabilidade de carácter municipal. Non obstante, a Xunta de Galicia vén proporcionando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o precisen.

Na actualidade o organismo hidráulico da Xunta encárgase de prestar estes servizos de depuración en 29 estacións depuradoras de augas residuais.

A cooperación da Xunta coa Mancomunidad do Salnés permite a mellora da calidade de vida das poboacións asentadas na contorna das rías, o aumento da competitividade

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

económica e o fomento do turismo, así como a mellora da produtividade no sector marisqueiro.

A explotación e mantemento das infraestruturas hidráulicas teñen como obxectivos garantir a correcta depuración das augas residuais e ofrecer uns servizos que respondan ás necesidades reais da poboación.

Estas tarefas comprenden as accións necesarias para o funcionamento axeitado das instalacións de forma ininterrompida co fin de acadar uns índices de depuración que cumpran os límites establecidos na normativa de aplicación.

Os traballos inclúen a retirada nas debidas condicións hixiénicas, o transporte e a vertedura de graxas, areas e residuos das reixas e tamices, o desecado dos lodos producidos e a conservación en bo estado da totalidade dos elementos, instalacións e equipos da planta.

Na seguinte imaxe amósanse as instalacións da depuradora de Cambados:



A XUNTA ACTIVA 3 M€ PARA APOIAR O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS INNOVADORES E A FABRICACIÓN INMEDIATA DE MEDIOS DE PROTECCIÓN ANTE O COVID-19

- ***O Consello da Xunta autoriza a firma de convenios por un importe total de 500.000 euros para impulsar propostas innovadoras que poidan ser transferibles ás autoridades sanitarias, industria, comercio, forzas e corpos de seguridade e aos servizos sociais non asistenciais***
- ***Tamén acordou a posta en marcha dunha liña de axudas dotada con 2,5M€ para, tras ser avaliados os proxectos no Comité de fabricación de equipamento sanitario, poder producir en Galicia material sanitario, equipos de protección individual, probas de diagnose, ventiladores e desinfectantes***
- ***Recibíronse en total máis de 200 propostas por parte do tecido empresarial e do ecosistema de innovación, o que demostra o seu grao de compromiso e capacidade***

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou activar un total de 3M€ para apoiar tanto o desenvolvemento de proxectos innovadores vinculados ao coronavirus como para impulsar a fabricación inmediata de medios de protección a través de axudas que faciliten ás pemes galegas reorganizar a súa produción e axustarse ás necesidades do mercado.

Así, o Consello acordou autorizar a subscripción de convenios de colaboración con aquelas entidades seleccionadas a través da chamada realizada pola Axencia Galega de Innovación (Gain), dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para identificar as capacidades do ecosistema galego e desenvolver proxectos innovadores vinculados ao COVID-19. En total, destinaranse 500.000 euros á sinatura destes acordos.

Ante esta situación de emerxencia, a Xunta de Galicia considerou prioritario reforzar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación mediante axudas públicas que cubrirán o investimento en produtos e servizos necesarios para fomentar as capacidades de resposta á crise nos servizos de atención sanitaria, polo que a Administración autonómica publicou unha chamada ao Sistema Galego de Innovación que respondeu coa proposta de 160 iniciativas que foron avaliadas por axentes externos especialistas na materia.

Do total, preseleccionáronse 11 propostas innovadoras que son as que máis se axustan ao chamamento realizado pola Xunta e que, por tanto, acadaron unha valoración que aconsella o seu financiamento. Inclúense proxectos para desenvolver láminas que poidan protexer diferentes superficies fronte ao virus; novos sistemas para respiradores; sistemas de detección rápida do virus; máscaras capaces de filtralo ou iniciativas centradas na xeración de cartografía sobre o risco de contaxio por zonas, entre outras.

A Xunta concederá as axudas a través de convenios de colaboración xa que a situación de emerxencia derivada da evolución da pandemia do coronavirus fai necesario actuar con



axilidade para impulsar aquelas propostas que poidan ser transferibles ás autoridades sanitarias pero tamén á industria, comercio, forzas e corpos de seguridade e aos servizos sociais non asistenciasais.

Estas iniciativas poderán solicitar o anticipo do 100% da axuda concedida e quedarán exentas da presentación de garantías. Segundo os proxectos, haberá dous tipos de axudas: financiamento do 100% destes proxectos de innovación cando a empresa beneficiaria cumpra o requisito de que as axudas que reciban polo concepto de *minimis* non superen os 200.000 euros durante un período de tres exercicios fiscais (os dous anteriores e o actual); e unha segunda axuda para o resto de compañías, que obterán ata o 50% do custo do proxecto.

Debido á diversidade de propostas recibidas, ademais das preseleccionadas para desenvolver proxectos de innovación dentro desta chamada de Gain, outras iniciativas -aquelas cunha compoñente de ciencia e investigación- foron reorientadas cara a convocatoria do Instituto de Salud Carlos III. Ademais, ao redor de medio centenar foron derivadas ao Comité de fabricación creado pola Xunta.

Axudas para a transformación das pemes

Neste sentido, o Consello da Xunta tamén aprobou hoxe un novo programa dotado con 2,5 millóns de euros e cofinanciado a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, que impulsará a reorganización produtiva urxente das empresas galegas para facer fronte á emerxencia sanitaria.

As axudas, de ata 100.000 euros, en concorrencia non competitiva e en réxime de *minimis*, cubrirán o 75% dos investimentos e gastos que realicen as pemes para adaptar a súa produción á fabricación dos seguintes materiais: téxtiles sanitarios, equipos de protección individual (mascarillas, cortinas, traxes, gorros, luvas e pantallas de protección persoal), kits e consumibles de diagnose, alcoles e desinfectantes sanitarios, dispositivos de intervención ou tratamento, ventiladores e as súas compoñentes, elementos para a desinfección e outros equipamentos necesarios para a prevención e loita contra o COVID-19 ou o tratamento da enfermidade.

Os proxectos que opten aos apoios terán que propoñer a subministración dunha primeira remesa de produtos antes do 30 de xuño e ser validados polo Comité de fabricación de equipamento sanitario, posto en marcha pola Xunta para coordinar a fabricación en Galicia de equipos de protección individual (EPI) e outros produtos necesarios co obxectivo de contribuír a paliar a insuficiencia de medios de seguridade.

A iniciativa súmase á plataforma Marketplace Covid-19, enmarcada dentro do Comité de Fabricación para xestionar a oferta e a demanda de subministración de equipamentos. Con ela, automatízase a xestión dos recursos materiais de xeito sistemático coa garantía de que as propostas achegadas polas empresas teñan a calidade esixida. A partir da supervisión da Xunta, o Marketplace posibilitará que o sector público acade as ofertas que precisa mentres os produtores xestionan directamente os acordos de compra e venda.



Como exemplo dos materiais que xa se entregaron ou que se están producindo destacan: as 30.000 pantallas de protección facial de Arlit Diseño e Impresión; os 250.000 mandís protectores de Maniber; as 12.000 batas do proxecto que coordina o Clúster Têxtil (Cointega); as 20.000 batas impermeables de Gocotex e Ithaka/Xallas; os EPIs recollidos por Ceaga; as mascarillas FFP2 de Gabadi; ou os respiradores de Bendix-Cinfo.

A Xunta agradece a resposta tanto do tecido empresarial galego como do ecosistema de innovación que amosa tanto a súa capacidade como seu grao de compromiso, xa que o Goberno galego recibiu máis de 200 propostas se temos en conta tanto a chamada a solucións innovadoras como as iniciativas que se presentaron na plataforma Marketplace, das que 55 se están avaliando nestes momentos.

Inxección de liquidez

Todas estas axudas contribuirán a facer fronte ao coronavirus desde o eido sanitario e da protección laboral, pero tamén favorecerá a reactivación económica ao dar ao tecido empresarial novas oportunidades de mercado.

Neste acompañamento, a Xunta acaba de poñer en marcha unha nova liña de financiamento activada para achegar liquidez a pequenas empresas e autónomos. Os apoios que ofrece poderán destinarse a atender as necesidades máis inmediatas, como o pago de salarios, facturas ou alugueiros. Dotado con 30 millóns de euros e cunha mobilización prevista de 250 millóns en préstamos, este programa recibiu xa 690 solicitudes para apoiar créditos por valor de preto de 56 millóns de euros.

Esta iniciativa avalará entre 3000 e 200.000 euros de importe por cada negocio e os beneficiarios disporán de prazos de amortización de ata catro anos cun de carencia, cun máximo dun 1,50 por cento de xuros, que serán bonificados ao cento por cento pola Xunta, facéndose así cargo deles.

SANIDADE DESTINA PRETO DE 670.000 EUROS Á INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO DA MEDICINA XENÓMICA

- *Este investimento está enmarcado nun convenio específico de colaboración entre Sanidade, Sergas, Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e a USC*
- *Os beneficiarios deste convenio son os usuarios do Sistema Público de Saúde de Galicia xa que a información xenómica permite a mellora do diagnóstico e tratamento de doenzas*

O Consello da Xunta vén de autorizar esta mañá a renovación do convenio específico de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica. Para este convenio, a Consellería de Sanidade destinará un importe total de 669.962,38 euros. O programa asegura a cobertura financeira para a súa continuidade durante tres anualidades que van dende 2020 a 2022.

O obxectivo deste acordo é a obtención de datos de xenotipado, actividades científicas e de investigación entre outras, no ámbito da medicina xenómica.

Con este convenio preténdese materializar e regular a colaboración entre a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e a Universidade de Santiago de Compostela, que conta cun nodo do Centro Nacional de Xenotipado (CeGen-USC). Esta colaboración enmárcase na realización de traballos destinados á obtención de datos de xenotipado de variantes xenéticas e análise de niveis de metilación, en mostras de ADN humano para a súa posterior análise e diagnóstico.

Os beneficiarios deste convenio son os usuarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, a través do acceso a nodos de información xenómica moi importantes, para a mellora do diagnóstico e tratamento de doenzas que inciden negativamente na calidade de vida das persoas.

Antecedentes

O 16 de xaneiro deste ano formalizouse un Convenio Marco de actuación entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de actividades científicas, pedagóxicas, de investigación e outras que sexan de interese para as partes no ámbito da medicina xenómica, mediante a sinatura de acordos ou convenios específicos de colaboración.

No marco da investigación xenómica e molecular, a Universidade de Santiago de Compostela conta, dende 2003 co anteriormente citado nodo do Centro Nacional de Genotipado, definido como plataforma tecnolóxica e que actualmente forma parte da Plataforma en Rede de Recursos Biomoleculares do Instituto de Salud Carlos III (ISCIII).

UN TOTAL DE OITO PROFESIONAIS DE CENTROS HOSPITALARIOS E DE ATENCIÓN PRIMARIA DO SERGAS SERÁN DOCENTES DO GRAO DE MEDICINA

- *Así se ratificará nun convenio entre o Sergas e a USC*
- *A participación activa dos profesionais sanitarios na docencia clínica dos estudantes de Medicina supón un estímulo importante para a súa actualización e formación continuada*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago. O obxectivo é facilitar a participación de distintos centros hospitalarios e de atención primaria do Servizo Galego de Saúde na docencia clínica da titulación do Grao de Medicina a través da convocatoria dun total de 8 prazas de profesor asociado en Ciencias da Saúde. O Servizo Galego de Saúde destinará un total de 69.789,60 euros para financiar este convenio.

O Goberno galego continúa apostando pola colaboración entre as institucións sanitarias e universidades nas que se deben impartir ensinanzas universitarias da rama sanitaria, para os efectos de garantir a mellor docencia práctica de medicina, enfermaría e outras ensinanzas que a así o requiran para outorgar aos alumnos máis e mellor formación posible.

O Servizo Galego de Saúde é consciente de que a participación activa dos profesionais sanitarios destes centros na docencia clínica dos estudantes de Medicina supón un estímulo importante para a súa actualización e formación continuada, o que redundará nunha maior satisfacción dos profesionais e nunha mellor atención aos cidadáns.

Acceso de 8 profesionais a prazas de profesor asociado

En virtude do convenio autorizado hoxe, a USC contará como persoal propio con 8 profesionais sanitarios dos hospitais universitarios e centros de saúde de Galicia a través da convocatoria de prazas de profesor asociado para os cursos académico 2019-2020, 2020-2021 e 2021-2022.

Dúas prazas serán para a área de coñecemento de Medicina na Area Sanitaria de Pontevedra - O Salnés (Medicina Interna e Dixestivo), unha praza da área de Cirurxía na Area Sanitaria de Pontevedra - O Salnés (Cirurxía Xeral e Dixestiva), outra praza é da área de coñecemento de Medicina na Área Sanitaria de Ferrol (Medicina Interna); outra é da área de Cirurxía na Área Sanitaria de Ferrol (Cirurxía Xeral e Dixestiva); e outras tres prazas correspóndense coa área de coñecemento de Medicina na Area Sanitaria de Santiago de Compostela-Barbanza, no ámbito da Atención Primaria da Saúde (Centros de saúde Concepción Arenal, Valga e Porto do Son).

A Xunta e a USC concordan na importancia do ensino práctico nas disciplinas integradas no eido das ciencias da saúde. Tamén destacan a necesidade de que a práctica se integre nas



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

estruturas e servizos do sistema sanitario, buscando un nivel práctico de excelencia da docencia destes estudos.



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

AS BIBLIOTECAS PÚBLICAS SUMAN PRETO DE 2000 NOVOS USUARIOS ONLINE E DUPLICAN O SEU NÚMERO DE PRÉSTAMOS DURANTE O COVID-19

- ***A plataforma de obras electrónicas GaliciaLe e o resto de dispositivos culturais da Xunta intensifican o seu traballo para achegar os seus recursos á cidadanía***
- ***A Biblioteca e o Arquivo Dixital de Galiciiana contan con máis de 10.000 usuarios que consultaron máis de 700.000 páxinas ao longo do pasado mes***
- ***Amplíanse os cursos gratuítos de teleformación impartidos polo Centro Superior de Hostelería de Galicia que aspira a chegar a 2.000 profesionais do turismo***
- ***A través da iniciativa #aculturasegue, a Xunta impulsa unha ampla proposta formativa e de lecer online para toda a familia durante o confinamento***

A Xunta de Galicia intensifica o seu traballo para prover á cidadanía de recursos de lecer e formativos online durante o confinamento no marco da campaña #aculturasegue, impulsada a través das súas dotacións culturais. Mediante esta proposta, o Goberno autonómico busca ofrecer á sociedade diferentes alternativas para mellorar a súa calidade de vida e a súa saúde física e mental durante a situación do estado de alarma, apostando polo lecer e a formación e fomentando a utilización de recursos dixitais.

Así, desde a posta en marcha desta acción –que inclúe facilidades no acceso aos recursos de bibliotecas, arquivos, museos ou centros de interpretación– a plataforma de préstamo electrónico GaliciaLe, común ás bibliotecas xestionadas pola Xunta, suma case 2000 novos usuarios e duplica o seu número de préstamos nas últimas semanas. No eido formativo, tras a elevada demanda dos cursos gratuítos dirixidos a profesionais do eido turístico e impartidos desde o Centro Superior de Hostelería de Galicia, amplíase a oferta de teleformación para chegar a uns 2.000 usuarios.

Facilidades de acceso

En concreto, tras o comezo da corentena por mor da crise sanitaria, a plataforma GaliciaLe rexistrou un notable incremento da cifra de préstamos e lectores. Desde o pasado 20 de marzo, data de inicio do novo servizo de autorregistro co que xa non é necesario dispoñer de carné de usuario, a plataforma incorporou preto de 2000 novos galegos, duplicando ademais o número de préstamos respecto ao mes anterior. Así, se durante febreiro se solicitaron un total de 5489 libros e audiovisuais nos catálogos de galego e castelán, esta cifra supera agora os 11.000 préstamos no mes de marzo.

Consólidase así unha liña positiva no uso desde servizo, tan importante neste contexto e que brinda a posibilidade de acceder a máis de 4.500 títulos, 30 revistas e 300 audiovisuais, ofrecendo á cidadanía un amplo acceso á lectura e ao coñecemento.

Se nos referimos a usuarios activos nos catálogos de galego e castelán da plataforma, pódese salientar que se pasou de 1538 en marzo de 2019 a 4768 en marzo de 2020, o que supón un incremento superior ao 200%. En concreto, no catálogo en castelán, pásase de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

1380 a 3553 usuarios activos (un incremento superior ao 150%); e no catálogo en galego de 158 a 1255 (o que supón aumentar máis dun 600%).

Respecto dos préstamos de libros e de audiovisuais en ambos catálogos, pasouse de 4219 en marzo de 2019 a 11035 en marzo de 2020 (un aumento superior ao 160%). Así, os préstamos no catálogo en castelán pasaron de 3613 a 9393 (un incremento de case o 160%), e no catálogo en galego de 606 a 1642, o que supón un aumento do 170%.

Recuperación de arquivos históricos

Pola súa banda, a [Biblioteca](#) e [Arquivo Dixital](#) de Galiciana, que recuperan e divulgan documentos e contidos históricos, incrementan de maneira notable en 2020 o seu número de usuarios, as sesións establecidas polos usuarios e as páxinas visitadas. Se a tendencia desde o pasado ano mostraba un aumento xa considerable, no mes de marzo de 2020, en especial a partir do día 14, data de inicio do decreto do estado de emerxencia en Galicia, o acceso e a utilización de Galiciana intensifícanse.

Neste momento, o servizo dispón de máis de 10.000 usuarios e, ao longo de marzo, consultáronse máis de 700.000 páxinas (520.000 na Biblioteca Dixital e máis de 180.000 no Arquivo Dixital). Galiciana forma parte do proxecto Hispana, que se encarga de agregar os obxectos dixitais das institucións da memoria españolas e que á súa vez é colleitado por Europeana, que é o portal do patrimonio cultural europeo que conta con máis de 50 millóns de obras de arte, obxectos, libros, vídeos e sons de toda Europa.

Oferta formativa e alimentación saudable

Polo que respecta á oferta formativa, a Xunta de Galicia amplía os seus cursos online a través do Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG) co obxectivo de chegar a máis de 2.000 persoas mediante unha decena de faladoiros dirixidos a profesionais do sector turístico. O obxectivo desta iniciativa é mellorar competencias como a xestión dixital, a comunicación e o márketing online para incrementar a calidade do destino dentro das accións previstas no plan de reactivación necesario tras o coronavirus.

Os primeiros catro faladoiros gratuítos, de catro horas de duración, tiveron unha gran acollida entre o sector, chegando a participar máis de 400 usuarios. O programa completo de accións formativas poderá consultarse no [Espazo Profesional da web de Turismo de Galicia](#), onde os interesados acceden ao formulario de matrícula. Teñen participación prioritaria nestes faladoiros os propietarios de pequenas e medianas empresas, traballadores de bares, cafeterías, restaurantes, aloxamentos e outros establecementos hostaleiros así como outros profesionais do sector turístico.

Cada un dos cursos ofertados compóñense con catro horas de formación en total. A primeira hora e media céntrase nun faladoiro interactivo a cargo dun experto nas distintas materias e as seguintes dúas horas e media ofrecen ao alumnado autoformación con material complementario e outras actividades de avaliación.

Máis dun millón de audiencia nas redes



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A crecente demanda por parte da sociedade dos diferentes recursos de lecer e formativos dá conta da boa acollida da iniciativa #aculturasegue. Ademais das actuacións referidas, as distintas dotacións culturais da Comunidade poñen a disposición de toda a sociedade fondos audiovisuais, recursos para o espallamento e o fomento do uso da lingua a través de propostas como *Medrar en Galego*, a nova Biblioteca Xacobeana, que recompila diferentes traballos e investigacións en torno ao Camiño de Santiago e as peregrinacións, ou mesmo percorridos virtuais por espazos singulares da Comunidade e recursos en 360º dentro de *Galicia na túa casa*.

O cancelo #aculturasegue ten unha forte presenza nas principais redes sociais. De feito, desde o 21 de marzo e ata o 1 de abril, contou cunha audiencia estimada de preto dun millón de persoas nas diferentes redes sociais. Do mesmo xeito, outros portais da Xunta rexistraron un incremento considerable de usuarios, como é o caso do Portal da Lingua, que dá acceso aos materiais de *Medrar en Galego*, cun 10% máis de sesións.

MÁIS DE 200 PROFESIONAIS SANITARIOS ALOXÁNSE XA NOS HOTEIS DE GARDA HABILITADOS POLA XUNTA DE GALICIA

- ***Esta rede, que desde a pasada semana permite contar cun establecemento por cidade, amplíase tamén ás comarcas da Mariña, Valdeorras e o Barbanza***
- ***Máis de 120 establecementos permanecen abertos de xeito voluntario baixo a coordinación da administración autonómica a disposición tamén de traballadores de servizos esenciais como transporte e emerxencias ou colectivos vulnerables***
- ***O Goberno autonómico pon á disposición dos servizos sociais dos concellos os albergues públicos do Camiño para persoas sen fogar ou en risco de exclusión***

O Consello da Xunta informou hoxe da evolución da ocupación nos establecementos turísticos habilitados polo Goberno galego para cubrir as necesidades dos colectivos que, polas súas especiais características, precisan contar cun aloxamento mentres dure a crise sanitaria polo coronavirus. Trátase de máis de 120 establecementos repartidos por toda a Comunidade que, na actualidade, teñen aloxados a preto de 500 persoas, das que a metade son profesionais sanitarios que viven lonxe do seu centro de traballo ou queren protexer ao máximo á súa familia e prefiren pernoitar fóra do domicilio.

Ademais de sanitarios, no total de establecementos habilitados polo Executivo autonómico tamén se dá servizo a outros perfís contemplados polo Goberno central como profesionais de sectores esenciais ou colectivos vulnerables, entre outros.

En concreto, case a metade das persoas aloxadas son profesionais sanitarios, mentres que máis do 30% son traballadores de servizos esenciais como emerxencias, transporte, alimentación ou limpeza. Igualmente, atópanse aloxados, neste caso no Hotel Congreso do Concello de Teo, os maiores trasladados desde a residencia Porta do Camiño. Por último, completan este reparto ao redor de 40 persoas de colectivos vulnerables como vítimas de violencia de xénero, refuxiados ou persoas sen fogar.

En máis de 70 municipios

Os máis de 120 establecementos de garda están repartidos en máis de 70 municipios, con fin de atender á dispersión xeográfica, e dispoñen de capacidade para máis de 3.300 persoas dentro dunha lista dinámica que se vai actualizando gradualmente en función das necesidades. Así, na actualidade permanece ocupado o 14% das prazas dispoñibles a través de aloxamentos que, de xeito voluntario, continúan abertos para cubrir estas necesidades en coordinación coa administración autonómica.

A provincia que concentra un maior número é a da Coruña con 58, seguida de Ourense e Pontevedra con 28 e Lugo con 12, o que garante unha cobertura adecuada.

Dentro deste listado existen, nas áreas dos principais hospitais, establecementos reservados especificamente para sanitarios. Nun primeiro momento habilitáronse un total de sete, un en cada unha das principais cidades, coa previsión de ir ampliando se fose preciso. Neste

sentido, a Xunta vén de sumar a esta rede novos centros situados na Mariña, en concreto no concello de Burela, no Barco de Valdeorras e en Boiro, na comarca do Barbanza. Desta maneira, estes tres establecementos engádense aos dispoñibles nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

Monte do Gozo e CSHG

Ademais de colaborar co sector para habilitar unha rede de establecementos de garda, a Xunta pon a disposición dos servizos sociais dos concellos a Rede de Albergues Públicos do Camiño de Santiago co fin de que poidan atender as necesidades de colectivos vulnerables, como persoas sen fogar, mentres se prolongue esta situación.

Esta iniciativa súmase á decisión da Xunta de manter aberto o albergue de peregrinos do Monte do Gozo para cubrir as necesidades aloxativas de persoas que puidesen estar percorrendo o Camiño de Santiago no instante de ser declarado o estado de alarma. Ata o momento só tres camiñantes necesitaron empregar estas instalacións grazas ao traballo en colaboración coas asociacións de amigos do Camiño e entidades locais, que permitiu normalizar a situación na Ruta Xacobeana nun breve período.

As medidas tomadas pola Xunta de Galicia complétanse coa decisión de ofrecer as instalacións da residencia de estudantes do Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG), actualmente baleira por mor da cancelación das clases, para a súa posible utilización no marco das distintas necesidades que xurdan nesta crise sanitaria.

Agradecemento ao sector

Todo este traballo levado a cabo por parte da Xunta é froito da colaboración cos profesionais do turismo, a quen cómpre agradecer a súa colaboración desinteresada nun momento como o actual. O Goberno galego, a través da Consellería de Cultura e Turismo, está en permanente contacto co sector para coordinar as necesidades destes aloxamentos que están prestando servizo de xeito voluntario, así como para avanzar nas medidas que permitirán reactivar a actividade cando remate a crise sanitaria.

A XUNTA DE GALICIA DESTINOU MÁIS DE 443.000 EUROS A REFORZAR O PERSOAL QUE ATENDE OS TELÉFONOS DO 061 E 900 400 116

- ***O reforzo do servizo de teleoperadores do 061 e a contratación de forma urgente dun call center están a permitir ofrecer unha resposta axeitada á cidadanía***
- ***Sanidade reitera que a cidadanía empregue o número 061 só para emerxencias ou casos graves e aconsella utilizar o número gratuíto do 900 400 116 para consultar dúbidas ou síntomas leves de coronavirus***

Sanidade informou esta mañá ao Consello da Xunta de Galicia do reforzo realizado para atender as chamadas de demanda sanitaria procedentes dos teléfonos 061 e 900 400 116. Así, o Goberno galego destinou un total de 443.781,64 euros para poñer a disposición dos cidadáns canles de comunicación e información sobre os síntomas e a resolución de dúbidas en relación ao COVID-19.

O obxectivo desta actuación foi facilitar á cidadanía e aos pacientes unha resposta axeitada a todo tipo de demanda sanitaria, tanto de consulta médica telefónica, como nas urxencias e nas emerxencias. Este reforzo tamén está a permitir responder con tempos axeitados ante calquera urxencia ou emerxencia sanitaria e ademáis facilitar información á cidadanía sobre os síntomas do COVID-19.

Neste senso, Sanidade reitera que a cidadanía empregue o número 061 só para emerxencias ou casos graves e aconsella utilizar o número gratuíto do 900 400 116 para consultar dúbidas ou síntomas leves de coronavirus.

Dúas actuacións

En concreto, destináronse 50.529,31 euros a ampliar o servizo de teleoperadores do 061 dos 11 por turno ata 19. Ademáis as quendas na Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia se reforzaron pasando de sete a trece médicos e de un a cinco enfermeiros.

Asemade, o día 17 de marzo contratouse por valor de 393.252,33 euros polo trámite de emerxencia un servizo de call center que asumiu a totalidade das chamadas recibidas na liña 900 coa fin de facilitar información á cidadanía sobre os síntomas do COVID-19. A atención no teléfono 900 400 116 iniciouse con 40 liñas nun primeiro momento e foi aumentando progresivamente ata as 100.

A liña 900 veu recollendo día a día, un incremento de chamadas, que supuxo que o día 20 de marzo atendéronse no call center un total de 6.474 chamadas, que é o número máis alto de incidencias atendidas neste número. Pola súa banda, o 061 recibiu o 18 marzo un total de 5.956 chamadas. Trátase do número máis alto de chamadas atendidas desde a creación da Central de Coordinación no ano 1995.

A XUNTA TRAMITA A COMPRA DE EQUIPOS DE MATERIAIS DE PROTECCIÓN E TEST PARA DETECTAR O CORONAVIRUS POR VALOR DE 8,2 MILLÓNS DE EUROS

- ***Esta é a terceira compra que realiza o Goberno galego de materiais considerados imprescindibles, logo da que autorizou a semana pasada o Consello da Xunta cun importe de 5,1 millóns de euros***
- ***Nesta ocasión vanse adquirir tests para a detección do virus, ademais de artigos de protección tales como máscaras respiratorias e cirúrxicas, batas, luvas, calzas, buzos de protección, solucións desinfectantes e outras materias primas para a súa elaboración e envasado***

A Consellería de Sanidade informou hoxe ao Consello da Xunta de Galicia da contratación de diversos materiais de protección, destinados a profesionais e doentes e de tests para a detección do COVID-19 para facer fronte á pandemia do coronavirus. Esta adquisición, tramitada polo procedemento de urxencia, conta cun orzamento de 8.258.330 euros

O obxectivo desta actuación é efectuar unha compra de materiais considerados imprescindibles para reforzar a súa actual dotación. En concreto, o Goberno galego adquire 57.250 unidades de tests para a detección do COVID-19 por valor de 1.166.924 euros.

En canto ao material de protección, con esta compra adquírense 3.083.300 máscaras cirúrxicas por valor de 1.688.833 euros e 85.880 máscaras respiratorias N95 e FFP2 por valor de 241.395 euros. Tamén 1.085.360 batas de protección/impermeables aos que se destina un orzamento de 3.007.971 euros, 70.031 buzos de protección por valor de 1.629.441 euros e 31.132 batas cirúrxicas nas que se invisten 132.332 euros.

A isto hai que engadir 1.925.200 luvas por valor de 73.040 euros, 100.500 gorros aos que se destinan 6.092 euros, e 101.000 calzas dun só uso por valor de 3.569 euros.

Tamén se inclúe a adquisición de 60.960 litros de solución desinfectante de mans por valor de 191.966 euros, así como medios de transporte para virus e hisopos nos que se invisten 116.974 euros.

Os protocolos de actuación para a protección dos profesionais na presente crise sanitaria provocada polo COVID-19 establece a necesidade de que usen equipos de protección individual (EPI) para determinadas intervencións. Os elementos de protección recomendados son gafas de protección, batas de alta protección, máscaras respiratorias cirúrxicas e FFP2 e luvas de exame, xunto con solución hidroalcolica desinfectante.

Esta é a terceira compra que realiza o Goberno galego de materiais de protección considerados imprescindibles, logo da que autorizou a semana pasada o Consello da Xunta cun importe de 5,1 millóns de euros e a que autorizou hai 15 días cun importe de 6,7 millóns de euros.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 2,3 MILLÓNS DE EUROS Á ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA REFORZAR A DOTACIÓN DE MATERIAL E EQUIPAMENTO EN HOSPITAIS

- ***O goberno galego adquire camas de hospitalización e mesas de noite, ventiladores non invasivos, monitores de parámetros fisiolóxicos básicos e avanzados e equipos portátiles dixitais de raios X e ecógrafos, entre outros***
- ***O obxectivo desta compra é contar con dotación suficiente para a abordaxe diagnóstica dos pacientes que está a ser realizada maioritariamente nos propios servizos de urxencia hospitalarios***
- ***Trátase do quinto expediente de contratación por procedemento urxente que tramita a Xunta de Galicia para a adquisición de material ou equipación para a atención de pacientes infectados polo coronavirus***

O Consello da Xunta autorizou a tramitación de emerxencia do expediente de contratación de subministración de equipamento. O valor estimado da contratación ascende a 2.314.822,44 euros. O obxectivo desta adquisición de material é contar con dotación suficiente para a abordaxe diagnóstica dos pacientes que está a ser realizada maioritariamente nos propios servizos de urxencia hospitalarios, polo que é necesaria a compra de máis equipos que permitan realizar este diagnóstico e incluso aportar soporte vital.

O Servizo Galego de Saúde mantén a actualización destes equipos en unidades de críticos e nos servizos de urxencias, mediante un plan de inversión estable no que respecta á actividade habitual nos centros hospitalarios. Sen embargo, a situación actual de pandemia provoca neumonías, en moitos casos bilaterais que fan necesario manter estables un alto número de pacientes, e polo tanto, xeran unha maior demanda de equipos.

O expediente, tramitado polo procedemento de urxencia, inclúe a adquisición de 130 camas de hospitalización e 100 mesas de noite por valor de 422.725,60 euros e 313 biombos de mostradores de atención ao público por valor de 54.316,90 euros.

Con respecto ao equipamento, a Xunta adquire dous ventiladores non invasivos, cun custe de 32.069,84 euros; 80 monitores de parámetros fisiolóxicos avanzados, por valor de 727.857,35 euros; 10 monitores de parámetros fisiolóxicos básicos cun custe de 18.821,55 euros; 29 unidades de incorporación de terapia de alto fluxo e 38 unidades de incorporación de terapia de humidificación a ventiladores adquiridos anteriormente, por valor de 179.208,50 euros; e 84 aspiradores eléctricos de mucosidades por valor de 131.679,70 euros.

O expediente de contratación tamén inclúe equipos portátiles: 5 equipos portátiles dixitais de raios X, por valor 477.950,00 euros e 10 ecógrafos portátiles cun custe de 270.193,00 euros.

Quinta tramitación de compra urxente



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Con esta compra, a Xunta tramita por quinta vez de forma urxente a adquisición de material ou equipamento para a atención de pacientes que poidan resultar infectados polo coronavirus. Este equipamento está destinado a pacientes e profesionais de toda a rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Así, o Consello da Xunta xa autorizou o 2 de abril a compra de equipos de materiais de protección e test para detectar o coronavirus por valor de 5,1 millón de euros.

O 27 de marzo o Goberno galego adquiriu materiais considerados imprescindibles, tales como máscaras respiratorias e cirúrxicas, e batas de alta protección/impermeables por valor de 6,6 millóns de euros.

Ademais tamén autorizou o 20 de marzo a adquisición de 45 ventiladores volumétricos, un equipo portátil de raios X para hospitais e 916 biombos e pantallas de protección para instalar nos mostradores de atención ao público dos centros do Sergas, cun orzamento de 1,2 millóns de euros.

Tamén o pasado 5 de marzo, o Goberno galego dedicou 1,82 millóns de euros á adquisición por vía urxente de equipos para a atención de pacientes que poidan resultar infectados polo coronavirus. En concreto, adquiríronse 34 unidades de ventilación non invasiva, destinada á entrada dos pacientes en urxencia de adultos de todos os hospitais incluídos os comarcais, adquiríronse 27 ventiladores volumétricos para as unidades de críticos, e 7 unidades de ventiladores para o transporte dos pacientes dende os hospitais comarcais ás unidades de referencia. Tamén 6 novos equipos portátiles de raios X, para a realización de imaxes radiolóxicas dos pacientes illados en urxencias.

SANIDADE TRASLADA AOS CENTROS RECOMENDACIÓNS PARA O ACOMPAÑAMENTO NOS DÓS NA ACTUAL SITUACIÓN DE CONFINAMENTO

- **Realizadas por profesionais do Sergas e coa colaboración da Asociación Galega de Saúde Mental, están orientadas ao acompañamento ao paciente e a axuda para afrontar o dó nos casos que así o precisen**
- **Estas recomendacións trasladaranse aos centros sanitarios para que as concreten a través de protocolos nos que se recollan os procedementos de acompañamento aos pacientes e de información a estes e as súas familias.**

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou esta mañá ao Consello da Xunta sobre un documento que recolle as recomendacións para o acompañamento nos dós en situación de confinamento, como a producida polo COVID-19.

As situacións e risco de contaxio e as necesidades de prevención, conducen a que algúns doentes enfermen e morran en soidade. Ás veces, os familiares e outros seres queridos non poden facer un acompañamento nin ao longo do proceso de enfermidade nin logo do falecemento. Dende Sanidade conséntase que son cuestións que poden obstaculizar os procesos de dó polo desacougo que xera o abandono obrigado do doente.

Ademais dos aspectos emocionais, o actual confinamento ten connotacións importantes, como pode ser a falta de representantes naquelas situacións nas que o paciente non pode decidir por si mesmo, incluídas as de toma de decisións relativas a consentir tratamentos fóra de indicación aprobada ou tratamentos experimentais.

Por todo isto, a Consellería de Sanidade a través dos profesionais do Servizo Galego de Saúde e coa colaboración da Asociación Galega de Saúde Mental, elaborou unha serie de recomendacións orientadas ao acompañamento ao doente, nas que se destaca que o seu estado emocional debe ser obxecto de consideración ao mesmo nivel que a súa saúde física. En consecuencia, establécense unha serie de indicacións no relativo á posibilidade de visitas en situacións excepcionais e a favorecer algún tipo de vía de comunicación entre pacientes e familiares durante o tempo de ingreso.

O documento tamén recolle recomendacións relativas a xestión do dó, nun momento no que os rituais habituais compartidos, tales como velorios e funerais, non están permitidos.

As recomendacións xerais recollidas neste documento serán trasladadas a cada centro sanitario para que, en función das súas particularidades e características, as concreten mediante protocolos nos que se recollan os procedementos de acompañamento aos pacientes e de información tanto a eles como as súas familias.